

PICASSO – CUBISMO SINTÉTICO

OBRA: NATUREZA MORTA CON CADEIRA DE REXILLA

AUTOR: Pablo Ruiz **PICASSO**


CRONOLOXÍA: 1912

ESTILO: Cubismo Sintético

TÉCNICA: Collage de óleo, hule e pastel sobre lenzo

MEDIDAS: 29 cm x 37 cm

LOCALIZACIÓN: Museo Picasso, París



COMENTARIO

O Cubismo Sintético introduce a idea do cadro como construción, como un *collage* de elementos heteroxéneos. En 1912, tanto Picasso como Braque realizaron cadros combinando os pigmentos cos materiais como tecidos, papeis de periódico, partituras, pezas de metal ou madeira, entre outros. Os materiais manteñan a súa condición de obxectos –non pictóricos- con entidade propia, pero ao mesmo tempo son partes máis ou menos subordinadas dentro da composición pictórica.

O *collage* vese obrigado a dotarse das súas propias normas, pois non lle serven as que se basean soamente na imitación da natureza, e establecelas implica unha reflexión sobre a súa condición de linguaxe orixinal. Picasso e Braque chegan á conclusión de que non é necesario plasmar a multiplicidade de ángulos, senón aqueles máis representativos, de xeito que os planos fanse máis amplos e menos fragmentados, introducindo asemade cores máis brillantes nas súas obras.

Esta pequena pintura, cunha corda por marco, inaugura o Cubismo Sintético, pois Picasso pegou nun lenzo ovalado un hule que levaba impreso o debuxo dunha rexilla de asento e integrouno no contexto pintando sobre el. O efecto de engano visual introducido polo hule, que simula unha rexilla, era novo no repertorio cubista, pois a imposible sensación táctil de rexilla contrastaba coa intanxibilidade do conxunto.

Os obxectos, como no Cubismo Analítico, aparecen descompostos en multitude de facetas, porén hai unha parte que está tratada recoñecendo algúns obxectos que aparecían na xa consolidada linguaxe cubista de representalos desde varios puntos de vista: unha copa de cristal, unha boquilla de pipa, un xornal ou unha rodaxa de limón, pero na parte inferior esquerda temos o trezado de rexilla dunha cadeira perfectamente detallada e definida.

As cores son austeras como todas as da serie analítica, en tons pardos para non distraer a quen mira na reconstrución mental dos obxectos.

Aparecen signos tipográficos, léndose as letras JOU, inicio de “Journal”. Este feito é unha novidade posto que a súa existencia non funciona como símbolo ou testemuña do obxecto, como é utilizado noutras ocasións por Picasso. O artista utiliza as letras como un efecto máis para equivocar os ollos do espectador, e mesmo a “ou” parece sobrevoar a imaxe ao saír do xornal.

O formato é ovalado, non moi usual na obra de Picasso. A forma non é casual: crea un campo visual concentrado e ao mesmo tempo asemella un espello que reflicte uns obxectos depositados nunha cadeira, creando un xogo visual no cadro. Asemade o marco é unha corda de cáñamo elixida polo pintor na súa creación. O pintor quixo intervenir ata no espazo circundante do lenzo e rachar ata nisto coa tradición.

O óleo ocupa a zona superior, pero na zona inferior, a da rexilla, está o hule. Braque e Picasso xa incorporaran papeis, xornais ou cartóns pegados noutras obras cubistas, pero por primeira vez introdúcese o material plástico estampado. Para integrar ese material no cadro, o pintor camuflou os bordos e manchou con trazos de pintura a superficie lisa do hule. O resultado é que ata que non o miramos moi cerca, non descubrimos a existencia do *collage*.

A transcendencia da obra radica na combinación do plano grande e as facetas que resulta chocante e moi expresiva, abrindo a porta a novas posibilidades do Cubismo que indagará Picasso nos seguintes anos xa co nome de sintético. O xogo con óleo e materiais da vida cotiá convertidos en obxectos artísticos tamén terá gran repercusión noutros movementos e artistas do S.XX, como o Futurismo, Dadaísmo, Surrealismo, Construtivismo, Abstracción Matérica ou a Arte Povera, que aproveitarán este descubrimento nas súas futuras esculturas-pinturas, cadros-obxectos e ensamblaxes.

As manchas en diagonal sobre o plástico, xunto cos trazos oblicuos e as facetas dos obxectos, crean un efecto dinámico, coma se estes se movesen. Tal descubrimento xa fora utilizado por Marcel Duchamp en *Espido baixando unha escaleira* (1911).

Este cadro, do cal Picasso non quixo desprenderse nunca, supón unha auténtica revolución: nel pásase da metáfora do real (a imitación de materiais co pincel por medio do trampantollo) á introdución do obxecto mesmo, cuxa representación doutras maneiras pode, polo tanto, evitar.